



Asemblea Xeral Ordinaria

A actual Xunta Directiva en reunión do día 13/03/2018 acordou, ao abeiro dos artigos 20 e 21 dos nosos Estatutos, convocar Asemblea Xeral Ordinaria o próximo día 20 de abril ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, no local social situado en Avda. Camelias 78 oficina K, segundo á orde do día que se expón a continuación:

Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria

- 1) Aprobación se procede, das actas anteriores Asemblea Ordinaria e Asemblea Extraordinaria
- 2) Presentación e aprobación, se procede da Memoria de actividades do ano 2017
- 3) Presentación e aprobación, se procede, das contas anuais de 2017
- 4) Presentación e aprobación, do calendario de actividades do ano 2018
- 5) Presentación e aprobación se procede, do orzamento para o ano 2018
- 6) Informe xestións local anexo
- 7) Propostas dos asociados
- 8) Rogos e preguntas

As actas anteriores das Asembleas Xeral Ordinaria e Xeral Extraordinaria non serán lidas e estarán a disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a partir do día 05/04/18, xunto coa seguinte documentación: Censo de socios con dereito a voto, Balances e conta de resultados de 2017.

As Propostas dos asociados deberán presentarse segundo os estatutos con 5 días de antelación a celebración da asemblea.

Vigueses distinguidos

O pasado 17 de febreiro o alcalde de Vigo, Abel Caballero, anunciaba que se ía propor ao club Montañeiros Celtas á mención de "Vigueses distinguidos". O día 3 de abril recolleemos o galardón.

Noraboa a todos e todas que o fixeron posible!!

Seccións

Bici de montaña	2
Actividades sociais.....	3
Montaña.....	4
Sendeirismo.....	4
Cultura e medioambiente.....	6
Esquí.....	6
Escolas deportivas.....	7
Calendario de actividades.....	8

Vindeiras actividades

- Roteiro dos Faros
- Pequemarchas
- Campamento de verán Pirineos
- Posada de Valdeón: vías ferratas e montaña
- Bici de montaña



Montañeiros Celtas, "Vigueses Distinguidos" en el año de su 75 aniversario

Bici de Montaña

Goián - A Guarda 14 de xaneiro



Comezamos o 2018 cunha saída para iniciados. Tratábase de completar un percorrido fácil entre Goián e A Guarda, seguindo o curso do río Miño.

O día levantouse de chumbo e frío, pero iso non foi impedimento para que uns

cantos valentes se animasen a dar pedadas.

Pouco a pouco fomos entrando en calor e as nubes foron abrindo para deixarnos ver algún raios de sol o que nos animou a achegarnos ata área de lecer dos muíños do Tamuxe.

Desde aquí proseguimos camiño, cruzando algunha que outra estrada, ata chegarmos ao embarcadoiro do Ferri, desde onde iniciamos o retorno ata o sitio onde aparcamos os coches.

Ao final tiñamos encargado un churrasco nun restaurante de Goián, onde puide-

mos disfrutar da comida e da compañía.



Pontevedra-Caldas de Reis 11 de febreiro

O domingo 11 de febreiro soamente 6 ciclistas Evaristo, José Luis, Alberto, Javier, Maxi e Xulio foron quen de saír no día do Entroido e con un tempo do demo. Quedamos en Pontevedra diante do Pazo da Cultura e as 9.30 estabamos xa todos alí, bo, todos menos Vázquez que estaba a facer un percorrido en coche polo Recinto Ferial ata que Alberto o foi buscar.

Arrancamos ó redor das 10 cara a Caldas, primeiro polas Marismas do Alba para enlazar axiña co Camiño de Santiago ata o lugar de San Caetano onde viramos a dereita para cruzar a nacional 550 e coller xa cara o monte. Diante de nos tiñamos unha subida constante duns dez quilómetros, non era dura pero era continua e o que nun principio era néboa, tornouse nunha choiva cada vez mais intensa. Os chuvasqueiros, que ó principio parecía que ían sobrar, fixéronse agora imprescindibles. Nunha zona que se chama Os Espiños comezamos a baixar, un 6 quilómetros que acabaron por empaparnos totalmente. Cando estabamos

a chegar a Búa, Xulio notou un ruído na dirección da bici. Semella que tiña pouca graxa e coa choiva andaba un pouco recia. Dubidamos si acortar polos muíños de Barosa pero decidimos seguir a ruta tal e como estaba programada. Outros 4 quilómetros de costa e axiña baixar ata Caldas. Aquí aproveitamos para quentar o corpo cun café con leite ben quentiño que nos serviron cuns anacos de rosca e que completamos co avituallamento que levabamos.

Arrancamos de novo, agora cara a Pontevedra seguindo o Camiño de Santiago. Cando levabamos un par de quilómetros notamos que faltaba un ciclista, era Alberto que aproveitara a parada para mudar a roupa mollada. Tras recollelo iniciamos de novo o regreso. A choiva, por fin, deunos unha tregua. Cando chegamos a San Amaro, pensamos en tomar un pulpiño na Casa do Pulpo, pero estabamos demasiado mollados e fríos así que non paramos.

Xa eran case as tres cando chegamos a Pontevedra. Foi un día de auga e frío e,

como escribiu un no juasap, mollar mollámonos, pero pasámolo ben. Javier e Evaristo prometeron que na próxima saída, que será polo Morrazo, teríamos sol e comeríamos ben.

Maxi Rivas



Festa de entroido social 9 de febreiro

Actividades Sociais



O 9 de febreiro unha grea de piratas, fadas, princesas, superheróis e superheroínas de conto, así como animalíños varios, invadiron as instalacións de Montañeiros Celtas. Vaia rebumbio que montaron!! Houbo xogos, música, baile, comida

e bebida, e como non... A tradicional chocolatada.

Só faltaron os maiores, que ultimamente non se deixan ver moito na festa de entroido...

Encontro anual de socios e socias: Cea anual 17 de febreiro



O 17 de febreiro celebramos a clásica cea anual, que supón un encontro entre socios e socias, onde se homenaxea a aqueles que cumpren 25 ou 50 anos nas filas do club.

Este ano tocoulle celebrar os 50 a:

David Casado Neira
José Blanco Puga
Manuel Pérez Castell
Pablo Moa Rodríguez
Marta Santalla Ferradas

Mentes que os de 25 foron:

Maruxa Barros Rodríguez
María Ángeles Prieto Casado
Antonio Caldelas Alén
Olga Campos Franco
Alejandro Caldelas Campos
Raquel Baliño Pérez
María Dolores Campos Franco

Raúl Campos Franco
María Pilar García García
Sechu López Pérez
Antonio Álvarez Díaz
Daniel Rodas López
Jacobo Ulloa Vázquez
Helena Casado Estévez



Mención especial na 19ª Gala do deporte vigués 21 de marzo



O pasado 21 de marzo, Montañeiros Celtas recibiu unha MENCIÓN ESPECIAL no acto da Gala do Deporte, polo noso

gran percorrido durante 75 anos. Mención máis que merecida polo significado que ten dar visibilidade ao Montañismo en xeral dentro das disciplinas deportivas nominadas.

Agradecemos ao Concello de Vigo e á corporación actual en particular, todo o seu apoio e sensibilidade polas distintas disciplinas deportivas recollidas nos nosos estatutos.

**FELICIDADES
MONTAÑEIRO CELTAS!**



Montaña

Aínda que as previsións non eran moi alagüeñas, un grupiño de 10 montañeiros e montañeiros decidimos ir ao macizo dos Ubiñas a pasar unha fin de semana de montaña e neve.

Marchamos o venres pola tarde, para facer noite en Hurgas de Babia, onde Pepe o do bar nos tiña preparada unha “cochera” para pasar a noite. Cun pouco de frío e con cheiro a “cocho”, despois de degustar unhas sopas de allo e un picadillo, pasamos a noite pensando na nevada que estaba a caer.

Pola mañá, levantamos cedo, almorzamos e marchamos dereitos para Torrebarrio. O día estaba revolto, pero nós mantiñamos a esperanza de que o sol se deixase ver. Comezamos a subir e non para-

mos ata chegar ao cumio do Ubiña. 1.200 metros de desnivel, con duras pendentas, pero a neve esta ideal para os crampons. As raquetas estiveron de adorno nas nosas mochilas toda a fin de semana. En torno ás 14:00 fixemos cumio e decidimos baixar a comer ao refuxio do Meicín, a onde chegamos en torno ás 15:00. E alí pasamos a noite. O domingo amenceu escuro e ventoso.

Travesía de Ubiña 17-18 de marzo



Parecía que non íamos poder facer moita actividade. Pero as condicións foron cambiando e por momentos puidemos ver o sol. Así que fixemos dous grupos: uns subiron o Cerreo e outros o Ubiña pequeno. No cumio as vistas eran espectaculares. Horizontes brancos rodeados de brumas que daban a sensación de estar en montañas maiores.

Baixamos a San Emiliano para comer e emprendemos retorno co corpo canso pero co espírito e o bandullo cheo!!



Sendeirismo



Pazos de Arenteiro 21 de xaneiro

Comezamos o 2018 cunha saída de sendeiros. O lugar elexido Pazos de Arenteiro. Carballeiras, viñedos e camiños cheos de follas. Un percorrido moi outonal que disfrutaron os participantes da saída.



Sendeiro de Parada de Sil 4 de marzo



Aínda que nos últimos días caera bastante auga, non foi impedimento para realizar esta fermosa saída de sendeirismo. Achegámonos en bus ata Parada de Sil, onde tomamos un café e comezamos a patear. O Percorrido tiña dúas partes claramente diferenciadas, facendo un bucle na vila de Parada de Sil. Na primeira parte, baixada ata o regato do Batán, por camiños e corredeiras onde

predominaba o bosque caducifolio, as follas secas e o musgo pegado ás pedras dos valados.

Na segunda parte, os balcóns de Madrid, coas súas fermosas vistas aos cañóns do río Sil, agradaron a nosa comida. De alí, todo para abaixo ata o Mosteiro de Santa Cristina, que se nos mostrou de súpeto, conservando o esplendor da pedra traballada rodeada de natureza.

A volta foi subindo, desde o mosteiro ata Parada de Sil, onde nos agardaba o autobús para traernos de volta a Vigo..

Xulio Troitiño



Sendeirismo

Camiño dos faros I e II 21 de febreiro e 18 de marzo



Este ano a sección de Sendeiros propúxonos o reto de unir os faros de Malpica e Fisterra, seguindo a liña de costa a través de carreiros e corredeiras.

De momento realizamos dúas etapas: Malpica-Punta Nariga e Punta Nariga-Punta do Roncudo. A participación está sendo moi alta, posto que nas dúas ocasión tivemos que poñer o cartel de "non hai prazas" e deixar algunha xente en lista de agarda.

Na primeira etapa saímos da localidade de Malpica, para dirixirnos ao Cabo de San Adrián, pasando enfrente das Illas Sisargas. Tamén pasamos por varias praias (Area Maior, Seaia, Beo, Esteiro, Barizo,...) e cantís (Seixo Grande, punta do cabalo, ...). Pero o mellor de todo foi o día espectacular que tivemos, pois permitiunos gozar da paisaxe e da camiñata.

A segunda etapa unía Punta Nariga e Punta do Roncudo. Esta última é famosa polo percebe que se agarra ás

súa escarpadas rochas.

Esta zona é un pouco máis agreste que a anterior, pero igual de fermosa. O monte raso e os cantís onde se deixa notar a forza do océano, estiveron acompañándonos en todo momento.



Cultura e medioambiente



Celebrouse o pasado 17 de marzo, en Zamáns. A pesares da semana que tivemos e as previsións atmosféricas, decidiuse facela pois as ganas que tiña a xente miúda eran moi altas. A primeira da tempada. Acurtouse un pouco, xantar no punto de saída: parque forestal de Zamáns. A iso das 11 da mañá, os máis de 50 intrépidos pequemarcheiros tiramos ata a

Pequemarcha 17 marzo

fervenza de Zamáns. Canta auga levaba!!!! Continuamos ata o miradoiro, antes do coto Mediodía, onde tomamos unha pequena merenda. Desde alí víamos chover en Vigo pero nós tranquilos. Ameazaron unhas pingas pero tan pouco que moitos nin abrimos os paraugas. As únicas pingas en todo o día

pequemarcheiro!! Subimos ao merendeiro de arriba (antes fixemos varias paradiñas para observar píntegas e limpafontes, algún cogomelo, algún bugallo,...) e logo dun pouco baixamos polo monte ata o lugar de saída. Xantar nas mesas, xogos de saltar a corda, pelota, disco, bla bla e bla

dos maiores,.... Algún marchou pronto pero outros quedamos ata as 18 horas. Fresco, pero bo día.

Emilio Ballesteros



Esquí

Xornadas de mantemento de esquí

O 27 de xaneiro realizouse unha xornada práctica de mantemento de esquí. No local social, entre as 10:00 da mañá e as 14:00, as persoas participantes realizaron practica de preparación do material de esquí de travesía.



Esquí en San Isidro (León) 24-25 de febreiro



O 24 e 25 de febreiro realizouse a xa clásica saída de esquí alpino. E como ven sendo habitual nos últimos anos, o lugar elixido foi a estación de San Isidro (León). Alí puidemos gozar de dous días de luxo, pois o sol fixo acto de presenza e permitíunos esquiar a tope.

Esquí en Manzaneda 25 de Marzo

Xornada de iniciación ao esquí de travesía realizada en Cabeza de Manzaneda (Ourense).

As persoas participantes puideron foquear, practicar a “volta maría”, poñer os esquí ao lombo e sentir a sensación de camiñar pola neve coas botas de esquí.

Tamén puideron perderse polos bosques da zona e aprender que é necesario preparar as saídas e levar aparellos para localizarse.



Escolas deportivas



As escolas deportivas de Montañeiros

Celtas de montaña e escalada, van dando os seus froitos.

As novas fornadas de montañeiros e montañeiras veñen pisando forte e con técnica, grazas aos cursos que temos en marcha.

Na parte de montaña, os dous niveles de formación, está permitindo que as persoas participantes accedan a un maior coñecemento do medio e das técnicas.

En escalada, o abano de idades das persoas participantes é amplo. Dende os máis cativos ata os maiores, están empregando

as instalacións de búlder do club e o rocódromo do Pavillón de travesas, así como as paredes do Galiñeiro.



Vindeiras actividades



Pequemarchas

A sección de cultura e medioambiente ten programado realizar unha saída ao mes no vindeiro trimestre, para que país e fillos poidades gozar destas actividades de sendeiro. A próxima o día 8 de abril. Estade atentos á web!!



17-20 de Maio: Vías Ferratas, Montaña e Sendeiros en Posada de Valdeón (León)

A sección de Montaña está a preparar unha trepidante actividade para a ponte de Maio, na que se incluírán actividades de vías Ferratas, sendeiro e Montaña.



Campamento de Verán en Pirineos

Para o campamento de verán de Pirineos estamos buscando unha zona con moita montaña e que fai tempo que non visitamos.

Será na primeira quincena de agosto, así que ide reservando días de vacacións!!

Bici de Montaña

A sección de bici de montaña está preparando uns bonitos roteiros.

Os montes do Morrazo, A Pontenova (Lugo) e as Terras de Allariz acollerán as nosas próximas pedaladas .

Camiños dos Faros

Logo das 2 primeiras etapas, es-pec-ta-cu-la-res, afrontaremos unha de fin de semana: Corme-Cabana e Cabana-Laxe. Serán o 21 e 22 de abril. Etapas que bordean a ría de Corme e Laxe, sobre 18 km, con apenas desniveis. Visitaremos o Castro de Borneiro (sábado) e o dolmen de Dombate (domingo). Dormida en Cabana de Bergantiños.

Os 12 e 13 de maio realizaremos as etapas de Laxe-Arou e Arou-Camariñas, pasando por lugares máis agrestes e onde o mar bate con máis forza. Cruzaremos Traba, Arou, Camelle, Trece e cabo Vilán.

Os días 9 e 10 de xuño temos previsto Camariñas-Muxía, polo interior da ría, pasando pola mítica praia do lago e Muxía, onde está o santuario da Virxe da Barca.





Edita: Club Montañeiros Celtas
Edición: Xulio Troitiño

Colaboran neste número: Maxi Rivas, Emilio Ballester, Lourdes Castiñeira, Fernando Diago e Fernando Fernández
Imprime: Garpe / DP: vg-40-1998
Impreso en papel reciclado

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
A B R I L	8	Actividade Bici: Montes do Morrazo	Bici de montaña
	8	Pequemarcha: Salinas de Ulló	M.Ambiente e Cultura
	12-13	Mostra Cine Montaña: Auditorio P.Illas Atlánticas	Cultura
	14-15	Travesía Prado Albar-Chandrexa	Montaña-Sendeiros
	15	Copa de escalada base en A Coruña	FGM-AMI
	20	Asemblea Xeral	Xunta Directiva
	21-22	Infantil-Xuvenil espeleoloxía	Espéleo
	21-22	Camiño dos Faros 3 e 4	Montaña-Sendeiros
	24	Presentación Operación Benxamín	Infantil-Xuvenil
	27	Proxección: Ascensión Mera Peak 6475m. Val de Himku	Sociais
	28-29	Operación Benxamín: Trevinca	Infantil-xuvenil
	28-29	Actividade bici: A Pontenova	Bici de montaña

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
M A I O	5	Pequemarcha	Cultura e M. Ambiente
	12-13	Camiño dos Faros 5 e 6	Montaña-Sendeiro
	12-13	Operación Benxamín: Monte Aloia	Infantil-Xuvenil
	17 a 20	Posada de Valdeón: ferratas, sendeiros e montaña	Montaña-Sendeiros
	26-27	Operación Benxamín: O Grove	Infantil-Xuvenil
	27	Xornada de achegamento á escalada	Escalada
	27	Saída de bici: Allariz	Bici de montaña

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
X U Ñ O	3	Copa de escalada base en Vigo	FGM-Celtas
	9-10	Saída de bici: ruta dos faros, Malpica	Bici
	9-10	Camiño dos Faros 7 e 8	Montaña-Sendeiro
	16-17	XXXI Marcha galega Vivac. Terras do Xares	FGM- CM Celtas
	23-24	Pequemarcha	Cultura M. Ambiente

CLUB MONTAÑEIROSCELTAS

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneirosceltas

www.celtas.gal / info@celtas.net

Publicorreo
Óptimo

